

O presente

O 25 de Xaneiro de 2006 o pobo palestino acudiu en forma masiva e organizada a votar por un novo goberno que rexería o seu destino por catro anos. En eleccións democráticas e transparentes, o Movemento de Resistencia Islámico, Hamás, resultou ser claro gañador perante a presenza de máis de 1500 observadores internacionais, presidida por Sr. Jimmy Carter EX presidente de EEUU cuxo testemuño en canto á transparencia do proceso democrático palestino fai que este sexa indubidábel no seu resultado final.

A inmediata reacción de Israel e os seus aliados foi a de boicotear ao novo goberno palestino, castigando con iso en forma masiva a vontade do pobo palestino de recorrer ás urnas para manifestar a súa clara posición ante a negativa de Israel de implementar os acordos de paz alcanzados e a frustración ante a situación desastrosa tanto na parte económica, como social, de saúde, educación e confiscación de terras palestinas.

Existen numerosos inconvenientes que impiden a creación dun Estado palestino. Entre eles figuran:

- a Vontade do ONU e a Comunidade Internacional a presionar a Israel para cumplir cos Resolucións do ONU (Dobre Standard)

- a discontinuidade territorial do ANP (Necesidade de Fronteiras Coñecidas)

- a dispersión da Poboación Palestina

- o estatus de Xerusalén e

- o dereito de retorno dos refuxiados

- os prisioneiros políticos

- a cuestión hídrica

Os palestinos esixen o fin dos ataques militares, a volta ás fronteiras anteriores a 1967, a capital no Xerusalén Leste, dereito de retorno dos refuxiados, descolonización dos territorios ocupados en 1967, un Estado con fronteiras recoñecidas sobre as que teñan o control... Mentre tanto, Israel esixe a fin da Intifada, rexeita a volta ás fronteiras anteriores a 1967 e a descolonización dos territorios ocupados, quere manter Xerusalén unida como capital de Israel, oponse ao regreso dos refuxiados Palestinos , e rexeitan tamén un Estado con fronteiras recoñecidas e queren manter o control sobre o Muro.

Cando a Liga Árabe presentou o seu proxecto de paz no Cumio dos países árabes en Beirut o 2002 (cabe lembrar que Israel impidiu a viaxe do presidente Arafat), onde os 22 estados membros comprometíanse a recoñeceren e estableceren relacións diplomáticas con Israel a cambio do respecto da resolución 242 da ONU de 1967 (retiro da Ribeira Occidental, Franxa de Gaza e Xerusalén Leste). A resposta de Israel foi negativa.

A OLP pide o respecto da resolución 242 do Consello de Seguridade, dar unha solución xusta baseada no Dereito Internacional e a Resolución 194 de Nacións Unidas ao problema dos refuxiados palestinos, para dar lugar ao establecemento dun Estado Palestino Laico, Soberano e Democrático sobre o 22% da Palestina Histórica, con Xerusalén Leste como capital. Que cada refuxiado palestino exerza o seu dereito inalienábel a retornar ao seu fogar do cal foi expulsado pola forza.